



Deputación
DA CORUÑA

ANEXO I. SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA FEIRA ROSALÍA 2026

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

(para os efectos de inscrición na Feira Rosalía 2026 que se vai desenvolver o 21 e 22 de febreiro na praza de Mazarelos en Santiago de Compostela)

Nome e apelidos

NIF

Teléfono de contacto

Correo electrónico

Nome da marca/expositor

Páxina web/ redes sociais

Tipo de produto e descrición

De acordo coas bases da convocatoria, a sinatura desta solicitude implica o meu compromiso a empregar a lingua galega en toda a comunicación e produción escrita e oral (cartelaría, folletos, publicidade, páxina web, redes sociais etc.) relacionada coa miña participación na Feira Rosalía 2026, así como a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

Con motivo da miña asistencia e participación na FEIRA ROSALÍA 2026

☐ Autorizo

☐ Non autorizo

Á Deputación da Coruña para que poida obter, tratar, reproducir, distribuír e/ou comunicar publicamente, por calquera medio ou formato e de modo gratuíto, a miña imaxe física tomada durante o transcurso da dita feira, ben directamente ou ben a través de terceiras persoas físicas ou xurídicas que a entidade organizadora contratase, para os efectos da difusión das actividades do evento, segundo o previsto na base 13 desta convocatoria.

Data e sinatura

INFORMACIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Informámola/lo de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento de datos co fin de atender a súa solicitude de inscrición no evento; a base de lexitimación para o tratamento dos datos é cumprir unha misión de interese público. Esta solicitude servirá para deixar documentado o seu consentimento ou oposición ao tratamento da imaxe. Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da nosa sede electrónica ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, se considera que o tratamento incumpre o establecido no RXPd pode reclamar ante a AEPD.

Pode consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa [política de privacidade](#) dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña ou dirixir un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.